

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 27 DE XULLO DE 2022, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

#### **DECRETOS**

##### **VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Decreto polo que se crea o Consello Galego dos Colexios de Mediadores de Seguros de Galicia e se aproban os seus estatutos.

##### **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade, a prol do Concello de Monforte de Lemos, da franxa de dominio público viario (DPV) na marxe esquerda da LU-664 PP.QQ. 0+890 e 1+150, agás calzada, beiravía e berma.

#### **ACORDOS**

##### **VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INNOVACIÓN E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza que os pagamentos anticipados poidan acadar ata un 60% da subvención total concedida, de acordo co artigo 63.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, das axudas destinadas ao apoio de entidades que superaron os limiares mínimos establecidos na Resolución do 7 de maio de 2021, da Presidencia do Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial E.P.E. (CDTI), pola que se aproba a convocatoria para o ano 2021 do procedemento de concesión de axudas destinadas a novos proxectos empresariais de empresas innovadoras (Programa NEOTEC), e se procede á súa convocatoria para o ano 2022, por importe de cinco millóns novecentos setenta e catro mil novecentos cinco euros (5.974.905,00€).

##### **VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTE**

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se aproba a conformidade co Decreto 130/2022, do 21 de xullo, de medidas urxentes de axuda para a reparación de danos causados polos incendios que se produciron en Galicia durante o mes de xullo de 2022, dos criterios das bases reguladoras da concesión de axudas para a reparación de ditos danos, e se lles autoriza ás consellerías a publicación das correspondentes convocatorias.

## CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e a Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao para o fomento da mobilidade sustentable na fachada marítima de Ferrol, por importe total de 4,6 M€ (IVE engadido).

## CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para o cofinanciamento das axudas Ramón y Cajal (convocatoria Ministerio de Ciencia e Innovación de 2020), por importe de oitocentos dez mil euros (810.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i (2022), por un importe total de cinco millóns cincocentos seis mil noventa e catro euros (5.506.094,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Universidade de Vigo (UVigo) para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i 2021-2022, por un importe total de tres millóns setecentos mil euros (3.700.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Universidade da Coruña (UDC) para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i 2021-2022, por un importe total de tres millóns noventa e tres mil novecentos noventa e cinco euros (3.093.995,00€).

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto de carácter plurianual, derivado da Orde da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca o programa Retorna Mocidade, para persoas galegas residentes no estranxeiro interesadas en retornar e cursar certos estudos de formación profesional no curso académico 2022-2023 en centros educativos de Galicia, por importe de trescentos cincuenta e un mil euros (351.000,00€).

## CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva das vacinas fronte ao herpes zóster e a meninxite B a partir de dous meses, por un importe total de seis millóns cincocentos trinta e dous mil cento setenta e sete euros con sesenta céntimos (6.532.177,60€), con IVE e un valor estimado de quince millóns setenta e catro mil douscentos cincuenta e seis euros (15.074.256,00 €), sen IVE.
- Acordo polo que se autoriza a cesión ao Sergas e á mancomunidade de montes veciñais en man común de Mourente para a ocupación e uso de espazos con destino ao Hospital Montecelo.
- Acordo polo que se autoriza o contrato-programa entre a o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Pública Instituto Galego de Oftalmoloxía, para a realización dos servizos sanitarios de oftalmoloxía que ten na súa carteira no ámbito do Servizo Galego de Saúde, por importe dun millón catrocentos vinte e tres mil cincocentos vinte e sete euros (1.423.527,00€) para o ano 2022 e un millón catrocentos vinte e tres mil cincocentos vinte e sete euros (1.423.527,00€) para o ano 2023.

## INFORMES

### VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Informe sobre a ampliación orzamentaria do programa Bono Enerxía Peme.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Informe sobre o Acordo de cooperación entre a Axencia Turismo de Galicia e o Concello da Guarda para a posta á disposición dos terreos e a execución da mellora dos accesos e posta en valor do Castelo de Santa Cruz da Guarda no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea- Next GenerationEU.

### **CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DE EMPREGO E IGUALDADE**

- Informe sobre a adxudicación das axudas a entidades locais para a realización dos obradoiros duais de emprego 2022-23.

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre o acordo de medidas retributivas e de mellora na atención primaria do Servizo Galego de Saúde.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA APROBA O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE CREA O CONSELLO GALEGO DOS COLEXIOS DE MEDIADORES DE SEGUROS DE GALICIA E SE APROBAN OS SEUS ESTATUTOS

- O novo ente, cuxa sede se situará na cidade da Coruña, integra os correspondentes colexios da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra
- Os obxectivos son a coordinación dos colexios que a integren e as relacións coas institucións e administracións públicas
- A aprobación enmárcase na Lei de colexios profesionais de Galicia, que recolle a creación destes entes mediante decreto

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o proxecto de decreto polo que se crea o Consello Galego de Colexios de Mediadores de Seguros de Galicia e se aproban os seus estatutos. Segundo recolle o documento estatutario, estará integrado polos correspondentes colexios da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, e terá a súa sede na cidade da Coruña.

O novo ente ten como finalidades a coordinación dos colexios profesionais que o integran e a representación da profesión no ámbito territorial galego, así como as relacións coas institucións e as administracións públicas para facilitar a colaboración, en prol dos intereses sociais e profesionais que defende.

A maiores, asume como funcións a organización e o fomento de servizos e actividades, a realización de congresos e xornadas, a edición de informes e traballos e a defensa dos colexios que o integran e das persoas colexiadas, entre moitas outras. Como órgano de goberno, contará cunha xunta directiva formada polos presidentes dos catro colexios galegos e representantes de cada un deles en proporción aos seus colexiados.

A creación do Consello Galego de Colexios de Mediadores de Seguros enmárcase na Lei de colexios profesionais de Galicia. A norma recolle a constitución destes entes mediante decreto, que deberá aprobar tamén os correspondentes estatutos. Ademais, establece a publicación no *Diario Oficial de Galicia* do decreto e do texto estatutario, que representa o último paso da tramitación.

Previamente, os estatutos foron aprobados e ratificados polos órganos de goberno da maioría dos colexios de mediadores de seguros que integran o novo Consello e precisaron do informe de distintos departamentos do Goberno galego.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA, A PROL DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS, DUN TERREO ANEXO Á LU-664 NAS PROXIMIDADES DO HOSPITAL**

- O treito obxecto da transferencia atópase entre os puntos quilométricos 0+890 e 1+150
- A Xunta permite así que o Concello poida actuar nesta superficie, que ten unha lonxitude de 260 metros, para a execución do parque do hospital
- A Xunta facilitou en todo momento a actuación municipal, por entender que é positiva para o hospital, e agarda a mesma actitude por parte do Concello
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico terá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Monforte de Lemos da superficie de dominio público viario, agás calzadas, beiravías e berma, na marxe esquerda da estrada LU-664; un terreo anexo á estrada que se sitúa nas proximidades do Hospital de Monforte.

A superficie obxecto da transferencia, delimitada polo Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas en Lugo, esténdese ao longo dun treito de estrada de lonxitude de 260 metros, entre os puntos quilométricos 0+890 e 1+150.

Ao excluírense a calzada, a beiravía e a berma do cambio de titularidade, garántese a continuidade da Rede autonómica de estradas, polo que esta superficie reúne as condicións necesarias para poder ser transferida ao Concello de Monforte de Lemos.

A Xunta permite, así, que o Concello poida actuar nesta superficie, que ten unha lonxitude de 260 metros, para a execución do Parque do hospital. A Administración autonómica, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, facilitou en todo momento a actuación municipal, por entender que é positiva para o hospital, e agarda a mesma actitude por parte do Concello.

A transferencia da titularidade tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación mediante decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Consello da Xunta de Galicia, o Concello terá a competencia para actuar nestes treitos e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.



### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DESTINA 6M€ A APOIAR 20 PROXECTOS INNOVADORES: 15 GALEGOS AOS QUE SE SUMARÁN NOVAS INICIATIVAS QUE SE CAPTEN DE FÓRA DE GALICIA**

- A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, a través da Axencia Galega de Innovación, volve impulsar as iniciativas excelentes galegas que non obtiveron financiamento na última convocatoria do programa estatal Neotec e, como novidade, incorporará empresas que teñan previsto trasladar a súa sede a Galicia
- As propostas seleccionadas poderán obter ata o 85% do orzamento da actuación, cun importe máximo de 320.000 euros por beneficiario
- Na primeira convocatoria impulsáronse 13 proxectos aos que se destinaron 2,9M€

O Consello da Xunta de Galicia acordou, na súa reunión desta mañá, abrir unha nova convocatoria dotada con preto de 6M€ para seguir apoiando o emprendemento innovador. En concreto, financiará a posta en marcha de arredor de 20 proxectos empresariais cun alto compoñente investigador e tecnolóxico.

Así, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, a través da Axencia Galega de Innovación (Gain), abrirá esta convocatoria aos 15 proxectos excelentes galegos presentados á última convocatoria estatal do programa Neotec e que non obtiveron financiamento por falta de crédito. Como novidade, este ano tamén poderán concorrer a esta liña de axudas as mellores startups do resto de España -e que tamén superasen os limiares establecidos na convocatoria de Neotec 2021- que trasladen a súa sede social e de traballo a Galicia.

Deste xeito, o Goberno galego cumpre co seu obxectivo de que ningún bo proxecto quede nun caixón por falta de apoio e destinará ata un 85% do orzamento cun importe máximo de 325.000 euros por iniciativa para que poidan levar a cabo os seus plans de negocio durante os anos 2022 e 2023.

Con estes apoios, o Goberno galego segue apostando pola innovación como factor clave para impulsar a recuperación, no convencemento de que o estímulo ás empresas con alto potencial de crecemento e que contribúen á transferencia de coñecemento deben ser unha prioridade para garantir a transición cara a modelos empresariais máis competitivos e de valor engadido.

Na primeira convocatoria, a Xunta impulsou 13 proxectos con axudas de 2,9M€ no eido das TIC, da modernización dos sectores primarios galegos ou na diversificación de

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

sectores tractores galegos e os seus auxiliares a través dun uso intensivo de tecnoloxías facilitadoras.

Esta liña complementa outras actuacións do Goberno galego como a Estratexia de impulso ás pemes, os préstamos IFI Innova, a aceleradora Galicia Avanza ou o traballo que se realiza a través das incubadoras e aceleradoras galegas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA ANUNCIA QUE OS DAMINIFICADOS POLO EPISODIO EXCEPCIONAL DE INCENDIOS FORESTAIS PODERÁN SOLICITAR AS AXUDAS DE INMEDIATO**

- As ordes sairán publicadas no *Diario Oficial de Galicia* do venres 29 e as solicitudes poderán presentarse a partir do día seguinte, cun mes de prazo
- As achegas para rehabilitación ou reconstrución de vivendas e para o enxoval doméstico ascenden a 3,2 M€
- A cobertura dos danos en establecementos comerciais, industriais, turísticos e mercantís terá tamén unha contía do 100% do importe cun máximo de 600.000 euros por persoa beneficiada
- A convocatoria de axudas específicas para reposición de explotacións forestais, agrícolas ou gandeiras estará dotada cun total de 4M€
- En total, a Xunta destinará máis de 9 M€ a paliar os efectos dos grandes lumes
- O Goberno galego concede axudas por valor de 850.000 euros para compensar os titulares de terreos cinexéticamente ordenados e infraestruturas de uso público nos espazos protexidos afectados polos incendios forestais

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe tras a celebración do Consello da Xunta que os damnificados polo episodio excepcional de incendios forestais poderán solicitar as axudas de inmediato, tendo en conta que as ordes sairán publicadas no *Diario Oficial de Galicia* do venres 29.

Na reunión do Goberno galego celebrada hoxe deuse conformidade ao decreto 130/2022, do 21 de xullo, de medidas urxentes de axuda para a reparación de danos causados polos incendios que se produciron en Galicia durante o mes de xullo de 2022 e dos criterios das bases reguladoras da concesión de axudas para a reparación de ditos danos, ademais de autorizar ás consellerías á publicación das correspondentes convocatorias.

As axudas, que serán compatibles con outras subvencións que poidan solicitar os afectados, permitirán facer fronte aos danos ocasionados en vivendas, propiedades, empresas e explotacións forestais, agrícolas ou gandeiras.

En base ao decreto para a concesión das axudas, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda deu conta do informe sobre a resolución pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de axudas destinadas á reparación dos danos causados nas vivendas e no seu enxoval doméstico, ás que se destinan 3,2 millóns de euros.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Achegas para a íntegra recuperación dos fogares**

As axudas para rehabilitación e reconstrución de vivenda habitual acadarán o 100% do custe, cun máximo de 122.400 euros. No caso de segundas residencias, serán do 100% cun límite de 61.200 euros, mentres que para enxoval doméstico o límite é de 15.000 euros para vivenda habitual e 5.000 para segundas residencias. Da convocatoria desenvolvida polo Instituto Galego de Vivenda e Solo quedan excluídos os inmobles en estado ruinoso ou abandonados antes dos incendios. Segundo as primeiras valoracións realizadas, as edificacións afectadas andarían arredor das 130, pero o número de vivendas quedaríase no medio centenar, e a maioría delas serían segundas vivendas. O presidente do Goberno galego reiterou que a prioridade da Xunta é "atender os que perderon as súas vivendas", de aí o carácter urxente das medidas adoptadas.

A Xunta concederá, ademais, axudas por valor de 850.000 euros para compensar os titulares de terreos cinexéticamente ordenados (tecores) e infraestruturas de uso público nos espazos protexidos afectados polos incendios forestais.

Os tecores contarán cun financiamento de 300.000 euros para recuperar hábitats cinexéticos e instalacións destruídas, en tanto que os concellos e montes veciñais en man común disporán dun orzamento de 350.000 e 200.000 euros, respectivamente, para recompoñer as infraestruturas danadas en espazos protexidos e reservas da biosfera. Polo que respecta aos titulares de infraestruturas de uso público do medio natural dentro da Rede galega de espazos protexidos e reservas de biosfera, os beneficiarios serán os concellos e os montes veciñais en man común titulares de ditas infraestruturas, que poderán percibir o 100% do custe subvencionable cun importe máximo de 20.000 euros por proxecto presentado para a recuperación dos terreos afectados.

### **Ata 600.000 euros para negocios e comercios**

Tamén poderán beneficiarse destas subvencións outorgadas pola declaración de emerxencia de natureza excepcional os titulares dos establecementos comerciais, industriais, turísticos e mercantís afectados polos lumes. Segundo a convocatoria do Instituto Galego de Promoción Económica, as axudas terán unha contía do 100% do importe dos danos causados cun límite de 600.000 euros por persoas. As axudas outorgaranse de forma directa por mor do interese público, social e humanitario derivado das excepcionais circunstancias que concorren neste caso, e as axudas resolveranse por rigorosa orde cronolóxica de entrada en rexistro. Se ben a partida orzamentaria para o ano 2022 é dun millón de euros, prevese a posibilidade de incrementar o orzamento no caso de que sexa preciso cubrir máis solicitudes de persoas afectadas que cumpran os requisitos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Convocatoria inmediata para explotacións no rural**

Pola súa banda, a Consellería do Medio Rural publicará de inmediato unha convocatoria de axudas específica para a reposición de explotacións forestais, agrícolas ou gandeiras danadas polos incendios, que estará dotada cun total de 4 millóns de euros, a executar entre este ano e o vindeiro. O prazo para a presentación de solicitudes será dun mes dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria no DOG.

No caso das subvencións para explotacións forestais, poderán concederse para a reposición das infraestruturas de titularidade privada situadas en terreos forestais e a maquinaria e equipamento forestal danados como consecuencia dos labores de extinción dos incendios. Tamén, para a madeira amoreada queimada e de corta, recollida e esteladura da madeira queimada non comercial ou traballos de sinalamento, cubicación e/ou taxación de madeira comercial en montes sen xestión pública, nas zonas afectadas polos lumes.

No que atinxe ás explotacións agrícolas e gandeiras, as axudas cubrirán a reposición dos bens, equipamentos, maquinaria, medios de produción, producións e gando ou colmeas danados, así como a subministración de alimentación complementaria de gando ou colmeas nas zonas afectadas polos incendios.

En todos os casos, as axudas tramitaranse en réxime de concorrencia non competitiva por rateo, cuns límites máximos que estarán fixados na convocatoria segundo o tipo de beneficiario. Estes topes oscilarán entre os 3.000 euros (para cubrir os custos de alimentación de gando) e os 50.000 euros (para a maquinaria forestal danada en tarefas de colaboración na extinción dos lumes).

As solicitudes para a concesión das axudas do decreto 130/2022, do 21 de xullo, de medidas urxentes para a reparación de danos causados polos incendios que se produciron en Galicia durante o mes de xullo do presente ano poderán tramitarse ao día seguinte da publicación das respectivas convocatorias no *Diario Oficial de Galicia* e o seu prazo de presentación será dun mes. En total, o Goberno galego destinará máis de 9 millóns de euros a paliar os efectos dos grandes lumes.

### **Plan de realoxamento urxente de persoas maiores**

Por outra banda, o titular do Goberno galego deu conta tamén do plan de realoxamento urxente de persoas maiores, con discapacidade ou con patoloxías crónicas dos núcleos de poboación afectados, coa posta á disposición da Xunta dun total de 54 prazas en residencias das provincias de Lugo e Ourense. Foi unha medida habilitada pola Consellería de Política Social e Xuventude que permitiu atender con rapidez ás persoas

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

en risco e facer un seguimento da súa situación mentres non puideron volver aos seu fogares.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA EXECUTARÁ A MELLORA DOS ACCESOS E PORÁ EN VALOR O CASTELO DE SANTA CRUZ, NA GUARDA**

- O Consello da Xunta aprobou hoxe o informe sobre o acordo de cooperación entre a Axencia Turismo de Galicia e o Concello da Guarda, polo que o departamento autonómico destinará 200.000 euros a esta actuación
- O financiamento levarase a cabo cos orzamentos da Comunidade galega dentro do Plan Xacobeo Next Generation (Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea, NextGenerationEU.)

O Consello da Xunta aprobou hoxe o informe sobre o acordo de cooperación entre a Axencia Turismo de Galicia e o Concello da Guarda, polo que o departamento autonómico destinará 200.000 euros á execución da mellora dos accesos e porá en valor o Castelo de Santa Cruz, situado neste municipio.

A través deste acordo, estableceranse as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre Turismo de Galicia e o Concello da Guarda para que este poña a disposición do departamento do Goberno autonómico os terreos precisos para acometer as obras de dotación de alumeadado ecoeficiente da infraestrutura da muralla do castelo, a creación de controis de acceso para a xestión dos fluxos turísticos, a mellora dos accesos e a posta en valor do edificio, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

O Concello da Guarda, pola súa parte comprométese á posta a disposición, libres de cargas e gravames, de todos os terreos precisos, cos usos urbanísticos, para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións necesarias para levalas a cabo.

O financiamento das obras levarase a cabo en dúas anualidades, cos orzamentos da Comunidade galega dentro do Plan Xacobeo Next Generation, Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea, NextGenerationEU, de xeito que en 2022, investiranse 30.000 euros, e no ano 2023, a cantidade de 170.000 euros.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA AUTORIZA O CONVENIO COA AUTORIDADE PORTUARIA DE FERROL PARA INVESTIR 4,6 M€ NO FOMENTO DA MOBILIDADE SUSTENTABLE E NA REXENERACIÓN DA FACHADA MARÍTIMA ENTRE CURUXEIRAS E A MALATA**

- O acordo prevé un conxunto de actuacións para acondicionar a fronte litoral de Ferrol, unha zona clave para a mobilidade, o urbanismo e o lecer dos cidadáns
- A primeira actuación prevista é a integración urbana e a mellora do tránsito peonil e ciclista na estrada baixa do porto, cun orzamento de máis de 1,7 M€
- Completarase un itinerario ciclista entre a cidade e o estadio da Malata, o recinto feiral ou o pavillón e a pista de atletismo
- A segunda intervención consistirá na mellora da dársena de Curuxeiras, dando continuidade á anterior actuación, cun orzamento de máis de 1,6 M€ e incluíndo a construción dun carril-bici bidireccional
- Executaranse dous aparcadoiros disuasorios na contorna portuaria, cun investimento de preto de 1,2 M€
- A Xunta alcanzará 3,1 M€ ao financiamento das actuacións e a Autoridade Portuaria executará as obras e asumirá o orzamento que supere o achegado polo Goberno galego

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe o convenio de colaboración coa Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao para o fomento da mobilidade sustentable na fronte portuaria e para rexenerar a fachada marítima entre Curuxeiras e A Malata, cun orzamento global de 4,6 millóns de euros.

O acordo inclúe unha serie de intervencións para acondicionar a fronte litoral da cidade de Ferrol co fin de mellorar esta zona clave para a mobilidade, o urbanismo, o saneamento e o lecer dos cidadáns.

A primeira actuación prevista é a integración urbana e a mellora do tránsito peonil e ciclista na estrada baixa do porto, cun orzamento de preto de máis de 1,7 M€.

Trátase dunha vía cunha lonxitude de 750 metros, que parte desde a enseada da Malata, na glorieta de acceso ao porto interior de Ferrol, e termina na avenida da Mariña, xa no centro urbano e no límite da muralla do Baluarte de San Juan.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A través desta vía desenvolverase un dos principais itinerarios ciclistas da cidade, de modo que, ademais, se unan infraestruturas existentes na Malata e no centro urbano, agora inconexas.

Esta actuación permitirá o acceso en bicicleta desde a cidade a equipamentos como o estadio de fútbol da Malata, o recinto feiral de Ferrol (FIMO) ou o pavillón e a pista de atletismo, entre outros.

Para isto, será necesaria a adecuación da vía mediante a ordenación da sección transversal e a reurbanización da estrada. Ademais, proxéctase un percorrido peonil polo lado leste, con dúas encrucilladas peonís para acceder á pasarela e a un aparcadoiro tamén proxectado no convenio.

A segunda intervención prevista é a mellora da contorna da dársena de Curuxeiras, unha actuación complementaria da anterior e necesaria para darlle continuidade, que suporá un orzamento de máis de 1,6 M€.

Esta zona dos antigos peiraos comerciais, que se transformaron en áreas náutico-recreativas, e a súa chaira anexa, constitúe un espazo usado pola cidadanía ao ter contacto directo co mar.

O convenio prevé aquí a reordenación da sección viaria, permitindo na banda do lado do mar a construción dun carril-bici bidireccional, en continuidade co procedente do paseo da Malata. Tamén se proxectará un percorrido peonil polo leste, con catro encrucilladas peonís para acceder á dársena de Curuxeiras.

O convenio autorizado hoxe polo Consello da Xunta de Galicia tamén prevé a construción de dous aparcadoiros disuasorios, cun investimento de preto de 1,2 millóns de euros.

O primeiro punto de aparcadoiro situarase nunha parcela portuaria actualmente utilizada para almacenamento á intemperie de material diverso, e o segundo no porto interior.

Coa construción destes aparcadoiros facilitaranse espazos en puntos de fácil acceso desde a rede viaria de alta capacidade, e próximos ao núcleo urbano, de modo que se poida chegar a pé, en bicicleta ou en transporte público.

## Compromisos

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)





## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No que se refire aos compromisos establecidos no convenio, a Xunta financiará as actuacións, achegando 3,1 millóns de euros a través dos fondos do Mecanismo para a recuperación e resiliencia.

A Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao está xa a redactar os proxectos construtivos para acometer as actuacións, procedemento que xa está a realizar na actualidade. Tamén deberá licitar e executar as obras, así que como asumir o orzamento que poida ser necesario achegar por riba do investimento achegado pola Xunta.



### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# A XUNTA DESTINA 810.000€ Á INCORPORACIÓN DE 18 CIENTÍFICOS DO PROGRAMA RAMÓN Y CAJAL ÁS UNIVERSIDADES GALEGAS

- O Consello autorizou o convenio a través do cal a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades financia a contratación a tempo completo destes investigadores nos campus galegos por un período de cinco anos, sen custos adicionais para os organismos universitarios
- Esta acción enmárcase dentro das liñas estratéxicas do Goberno galego de captación, formación e retención do talento no Sistema universitario de Galicia

A Xunta de Galicia achegará un total de 810.000€ ás tres universidades públicas galegas para a incorporación de 18 científicos do Programa Ramón y Cajal, que traballarán como investigadores nos campus universitarios de Galicia durante cinco anos, sen que iso supoña ningún custo adicional para as arcas dos organismos universitarios.

O Consello da Xunta de Galicia autorizou un convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades e as universidades de Santiago de Compostela, da Coruña e de Vigo segundo o cal o departamento educativo autonómico cofinancia a contratación, por parte das universidades galegas, destes 18 científicos cunha traxectoria destacada e alto potencial investigador, beneficiarios do subprograma estatal Ramón y Cajal.

Grazas ao apoio da Consellería, a UDC, a USC e a UVigo poderán contratar laboralmente os 18 candidatos seleccionados a tempo completo durante seis anos e coas condicións establecidas no Ramón y Cajal, a razón de seis por cada unha das tres universidades.

### **Custos asociados a salarios**

Ao abeiro deste convenio, o Goberno galego -no marco do Plan galego de financiamento universitario 2022-2026- axuda a cofinanciar os custos asociados á contratación do persoal investigador do Ramón y Cajal, cuxos salarios e cotas empresariais da Seguridade Social son por conta da Administración xeral do Estado.

O obxectivo das axudas Ramón y Cajal é promover a incorporación de persoal investigador nacional e estranxeiro cunha traxectoria destacada en centros de I+D a través de contratos laborais ao longo de cinco anos. A través do programa de captación de talento, trátase de incentivar e apoiar accións de incorporación de científicos de alto nivel sen que iso comporte unha carga orzamentaria para as universidades, centros de investigación ou grupos onde desenvolvan a súa actividade.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Esta acción súmase a outra aprobada recentemente na mesma liña, como é o caso da incorporación de 19 investigadores do programa Juan de la Cierva ás universidades galegas. Para ilo, a Xunta vén de habilitar unha partida 261.000 euros a través da cal o departamento educativo autonómico asume o 20% do importe total destes contratos, unha parte que noutras comunidades autónomas teñen que custear as propias universidades.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA ELEVA A MÁIS DE 17,4M€ A CONTÍA PARA QUE AS TRES UNIVERSIDADES PÚBLICAS GALEGAS REFORCEN OS SEUS PROGRAMAS ESTRATÉXICOS DE INVESTIGACIÓN AVANZADA

- Trátase do maior orzamento para accións de I+D+i deste a creación desta liña de financiamento
- O Consello autoriza a sinatura dun convenio coa Universidade de Santiago de Compostela e amplía, mediante addendas, os compromisos orzamentarios coa Universidade de Vigo e a Universidade da Coruña
- As accións están dirixidas, principalmente, ao fortalecemento das súas infraestruturas científicas e equipamento tecnolóxico
- Enmárcanse dentro do Plan galego de financiamento universitario 2022-26

O Consello da Xunta de Galicia deu hoxe o visto e prace á colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades e as universidades de Santiago de Compostela (USC), da Coruña (UDC) e de Vigo (UVigo) para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i. Todas as contías forman parte do Plan galego de financiamento universitario 2022-26.

Con esta ampliación de fondos elévase a máis de 17,4M€ a contía prevista para este fin en 2022, a maior para accións estratéxicas de I+D+i desde a creación desta liña de financiamento. Esta contía supón, ademais, un incremento de 10M€ respecto do orzamento destinado ás tres universidades públicas galegas no 2021 para este fin.

Este tipo de acordos, que se veñen asinando anualmente desde o ano 2017, enmárcase no compromiso do Goberno galego de dotar o Sistema universitario de Galicia dun completo ecosistema de investigación universitaria, encabezado polos oito centros acreditados como centros de investigación do Sistema universitario de Galicia (CIGUS).

O acordo coa Universidade de Santiago de Compostela acada un investimento de 5,5M€ este ano 2022 e abrangue o financiamento de actuacións en infraestruturas científicas (a que se destinan 1,7M€), accións transversais de I+D+I (con 1,28M€), dotación de infraestrutura para novos graos como os laboratorios de Robótica, de Bioquímica e de Intelixencia Artificial entre outros (con 0,9M€), redifinición de infraestruturas de investigación (765.000€) e obras singulares como os laboratorios de radiofísica e espazos concretos de investigación, así como accións específicas de apoio ao talento e convocatorias de novos proxectos de captación e retención de talento.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Impulso investigador e calidade docente**

No caso da Universidade da Coruña, o Consello tamén autorizou unha addenda ao convenio en vigor para o período 2021-22. En concreto, engádense 3,1M€ á contía inicialmente prevista para o ano 2022, elevando a un total de máis de 5,5M€ o orzamento para accións estratéxicas de investigación nesta universidade para este ano.

A maior parte deste incremento orzamentario diríxese ao fortalecemento de centros de investigación como o CITIC (Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions), o CICA (Centro de Investigacións Científicas Avanzadas) e o CITEEC (Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñería Civil) e á posta en marcha de novas estruturas científicas, a obras singulares e equipamento e á especialización dos campus.

No que atinxe á Universidade de Vigo (UVigo), o Consello da Xunta de Galicia vén de autorizar a sinatura dunha addenda de 3,7M€ ao convenio vixente. Sumadas as contías previstas inicialmente para este ano, o orzamento para esta universidade elévase a 6,4M€ en 2022.

Neste caso acométese unha redistribución das partidas de xeito que a contía da addenda está destinada a reforzar, principalmente, as contías inicialmente destinadas aos centros de investigación, obras de apoio á investigación e accións específicas de alto impacto de I+D+I e de calidade na docencia.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA CREA UN NOVO PROGRAMA DE BOLSAS PARA QUE A MOCIDADE DO EXTERIOR CURSE FORMACIÓN PROFESIONAL DE NIVEL BÁSICO EN GALICIA

- Destínanse 351.000 euros ao financiamento dun total de 54 bolsas
- A través do programa `Retorna Mocidade` o alumnado recibirá 6.500€ de apoio económico para a viaxe, o aloxamento e a manutención durante o próximo curso 22-23
- Poderán cursar formación específica básica de Albañilería e fontanaría no Centro Integrado de FP de Someso (A Coruña) e de Fontanaría, calefacción, electricidade e telecomunicacións no Universidade laboral (Culleredo) e no Ferrolterra (Ferrol)
- A formación básica incorpórase así ao paquete de axudas deste tipo centradas ata o de agora nas bolsas para a FP de grao Superior ou as de Excelencia

A Xunta convoca este ano un total de 54 bolsas para a mocidade do exterior co fin de que cursen en Galicia estudos de Formación Profesional de nivel básico. O Consello deulle hoxe o visto e praxe a esta orde de axudas para o cal a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades destina un total de 351.000€ para o vindeiro curso académico 2022-23.

As bolsas, dotadas con 6.500€ cada unha delas, inclúen a viaxe desde o país de procedencia, o aloxamento e manutención en Galicia e a subscrición dun seguro médico de ser o caso. Os beneficiarios recibirán un primeiro pagamento de 3.700€ no primeiro trimestre do curso (co único requisito de estar matriculado) e un segundo pagamento de 2.800€ no segundo trimestre da formación. Neste caso o alumno deberá ter aprobado o 70% dos módulos cursados no primeiro trimestre

Esta medida, incluída dentro da Estratexia Retorna posta en marcha polo Goberno galego, busca incentivar o retorno dos galegos do exterior, non só dos emigrados, senón tamén dos seus descendentes, favorecendo a súa incorporación e a dos seus fillos nos centros de formación profesional da comunidade así como o acceso ao mercado laboral. Enmárcase, ademais, no paquete de accións deste tipo desenvolvidas ata o momento como son as bolsas para cursar estudos de FP de grao Superior e as Bolsas de Excelencia para a Mocidade Exterior (BEME), estas últimas da Secretaría Xeral da Emigración.

#### Centros de formación e requisitos de acceso

As 54 bolsas van destinadas a cursar formación específica básica de Albañilería e fontanaría no Centro Integrado de Formación Profesional Someso, na Coruña; e de

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Fontanaría, calefacción, electricidade e telecomunicacións nos CIFP Universidade Laboral (Culleredo) e no Ferrolterra (Ferrol), a razón de 18 prazas en cada centro.

A convocatoria -en réxime de concorrência competitiva- está dirixida á cidadanía galega residente no exterior que cumpra unha serie de requisitos como ser menor de 40 anos, posuír a nacionalidade española, acreditar un mínimo de dous anos de residencia fora de España inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude.

Ademais, é necesario ser emigrante nado en Galicia ou ter residido en Galicia de xeito continuado durante dez anos con nacionalidade española antes de emigrar, ou ser descendente por consanguinidade dunha persoa que cumpra algunha destas condicións e ter nacido no estranxeiro.

### **Comisión de valoración**

Dado que as bolsas se conceden en réxime competitivo, haberá unha comisión de valoración que examinará as solicitudes presentadas e avaliará os méritos acreditados ata un máximo de 25 puntos segundo o baremo establecido.

Deste xeito, a vinculación con Galicia suma ata 15 puntos distribuídos a razón de ata 15 puntos por ser nado en Galicia ou que residiu de xeito continuado nesta Comunidade durante dez anos antes de emigrar; 10 puntos para persoas nadas no estranxeiro, pero fillos de emigrantes nados en Galicia, e 5 puntos para outras persoas descendentes dun emigrante nado en Galicia. A acreditación de experiencia laboral relacionada coa praza suma 5 puntos e a acreditación de formación relacionado coa praza outros cinco puntos.

Tras a súa aprobación por parte do Consello da Xunta, a orde publicarase no Diario Oficial de Galicia, e os interesados disporán de 45 días de prazo para formalizar as solicitudes.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA ANUNCIA UN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 6,5 MILLÓNS PARA A COMPRA DE VACINAS FRONTE AO HERPES ZÓSTER E A MENINXITE B E AMPLÍA A POBOACIÓN DESTINATARIA**

- Explica que entre as novidades do Programa Galego de Vacinación inclúese a vacinación fronte ao meningococo B aos nenos e nenas partir dos dous meses no calendario vacinal, cando na actualidade só estaba financiada nos grupos de risco de todas as idades
- Avanza a indicación da vacina fronte ao Herpes Zoster ás persoas maiores de 18 anos con VIH, Hemopatías malignas ou tumores en tratamento con quimioterapia
- “Galicia será a Comunidade co calendario de vacinación infantil máis completo de España”, afirmou, ao estender tamén a vacina fronte ao virus do papiloma humano a todos os varóns de 12 anos e incluír a antigripal tetravalente para nenos e nenas de entre 6 meses e 5 anos

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou un investimento aprobado no Consello de 6,5 M€ para a contratación da subministración sucesiva das vacinas fronte o Herpes Zóster e a Meninxite B a partir de dous meses de idade.

Na rolda de prensa posterior á reunión do Goberno galego, lembrou que, en cumprimento do compromiso expresado no debate de investidura, a Xunta vai incorporar tres novas vacinas do calendario infantil. Unha delas, a da Meninxite B, ata o de agora só estaba financiada para os grupos de risco de todas as idades. Polo que incluía no calendario infantil resulta básico para a equidade e para que calquera rapaz poida vacinarse e previr enfermidades graves. A previsión, segundo apuntou o presidente galego, é que 14.700 nenos e nenas reciban este vial “a partir de novembro”.

Así mesmo, o titular do Goberno galego subliñou que ao remate do ano vanse introducir dúas vacinas novas máis para a poboación de menor idade: a vacina contra o virus do papiloma humano a todos os varóns de 12 anos, e a vacina antigripal tetravalente para os menos de entre 6 meses e 5 anos. “Galicia vai ser a comunidade no calendario de vacinación infantil máis completo de España”, enzalzou.

Coa autorización da compra destas vacinas se introducirán novidades no Programa Galego de Vacinación, ampliando os grupos de poboación destinatarios das mesmas.

#### **Ampliación da cobertura**

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
comunicacion@xunta.gal  
www.xunta.gal





## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así, inclúese a vacinación fronte á Meninxite B, a partir de dous meses, no calendario vacinal. As elevadas coberturas en Galicia (84,34%) acádanse polo financiamento privado dos pais, pero a partir de agora garantirase a equidade no acceso a esta vacina a todos os nenos e nenas a partir de dous meses de idade.

O meningococo B pode causar infeccións graves como meninxite e sepsi xeralizada, con secuelas graves, e pode incluso provocar a morte, razón pola que se aconsella a vacinación.

No caso da vacina fronte ao Herpes Zoster amplíase a indicación da mesma ás persoas maiores de 18 anos con VIH, con Hemopatías malignas ou con tumores sólidos en tratamento con quimioterapia. Ata o de agora, só os maiores de 18 anos con transplantes autólogos, transplantes de órganos sólidos e tratamentos con fármacos anti-JAK eran os destinatarios. Deste xeito, o presidente da Xunta adinatou que o número de persoas que recibirán esta vacina poderá ascender das 1.500 a 15.000 persoas e que tamén se prevé que se comece a administrar "a partir de novembro deste ano".

O Herpes Zoster é u unha enfermidade de baixa mortalidade, pero moi prevalente, con maior incidencia a partir dos 50 anos e aumenta de maneira considerable coa presenza de inmunodepresión e certas condicións de risco. As súas complicacións, sobre todo a neuralxia postherpética (NPH), poden ocasionar discapacidade e diminución da calidade de vida, constituíndo un importante problema de saúde e de carga para a sociedade.

A Dirección Xeral de Saúde Pública ten prevista a aprobación dende mediados de setembro dun novo Calendario de Vacinación no que se incluírán as novas incorporacións, se ben a implantación efectiva destas novas actuacións estimase para o 1 de novembro polos prazos previstos das licitacións.

### **Tres novas vacinas no calendario infantil**

O contrato aprobado no Consello dá cumprimento á incorporación do meningococo B. Pero ademáis, a vacina fronte ao virus do papiloma humano estenderase no vindeiro curso escolar a todos os varóns de 12 anos co fin de acelerar os beneficios globais na loita contra a transmisión deste virus e na mesma dirección que o plan da Organización Mundial da Saúde para eliminar os cancros producidos polo VPH. Por outra banda, Galicia incluírá a vacina antigripal tetravalente para nenos e nenas de entre 6 meses e 5 anos.

No relativo ao Herpes Zoster, a actuación enmárcase no compromiso da Xunta de Galicia con completar a protección nos principais grupos de risco consensuados na estratexia nacional aprobada pola Comisión de Salud Pública del CISNS.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Programa Galego de Vacinacións constitúe unha das liñas de traballo de mais longa historia entre as actividades de Saúde Pública e conta cun amplo consenso respecto á súa efectividade e eficiencia. A xestión eficaz deste programa implica necesariamente a subministración de maneira permanente das diversas vacinas que se encontran incluídas no calendario vacinal e outros produtos inmunolóxicos dirixidos aos adultos ou nenos baixo circunstancias especiais.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA ACORDA COA COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DE MOURENTE REGULARIZAR A SITUACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO HOSPITAL MONTECELO DE PONTEVEDRA**

- A Comunidade de Montes Veciñais cede con carácter indefinido ao Servizo Galego de Saúde o uso dos terreos actualmente ocupados polo Hospital Montecelo
- O acordo garante a prestación sanitaria nas instalacións actuais e a continuidade dos servizos asistenciais e as instalacións anexas

A Xunta autorizou na reunión do Consello celebrada hoxe o acordo de cesión entre o Servizo Galego de Saúde e a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Mourente para a ocupación de uso de espazos con destino ao Hospital Montecelo de Pontevedra. En virtude do acordo, a Mancomunidade de Montes de Mourente cede con carácter indefinido ao Servizo Galego de Saúde o uso dos terreos actualmente ocupados polo hospital, o que supón a regularización da situación das instalacións do complexo sanitario, logo de que unha sentenza xudicial recoñece a comunidade como titular deste solo.

Ante esta situación a Xunta negociou con esta entidade un acordo de cesión dentro dos procedementos recollidos na Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común. Deste xeito, a Administración autonómica aboará un canon anual por importe de 23.583 euros á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Mourente para salvagardar a prestación sanitaria nas instalacións actuais e garantir o mantemento do uso dos terreos actualmente ocupados polas instalacións do Hospital Montecelo. Tamén, o acordo garante a continuidade dos servizos asistenciais e as instalacións anexas.

O Servizo Galego de Saúde poderá realizar nestes terreos todas as instalacións, construcións, edificacións e melloras vinculadas ao destino da parcela que sexan necesarias para a atención sanitaria da poboación da súa área, o que supón o mantemento da atención sanitaria á poboación que se vén prestando ata o momento.

Polo tanto, a poboación da área sanitaria non se verá afectada polo recoñecemento da titularidade dos terreos a prol da Comunidade de Montes Veciñais, xa que o acordo mantén a plena dispoñibilidade por parte do Servizo Galego de Saúde, e seguen vixentes os proxectos de mellora e desenvolvemento da asistencia sanitaria da área.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Este acordo de cesión enmárcase, así mesmo, no proceso de mellora continua de reforzamento dos servizos asistenciais públicos galegos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA INVISTE PRETO DE 3 MILLÓNS DE EUROS PARA QUE A FUNDACIÓN PÚBLICA INSTITUTO GALEGO DE OFTALMOLOXÍA (INGO) DESENVOLVA A SÚA ACTIVIDADE OFTALMOLÓXICA DURANTE OS ANOS 2022 E 2023**

- O acordo permitirá unha resposta áxil e eficiente de prestacións oftalmolóxicas especializadas de calidade incluídas na súa carteira de servizos de forma coordinada co Servizo Galego de Saúde e os servizos hospitalarios.
- O contrato-programa aprobado hoxe pola Xunta incrementa o seu orzamento en relación co ano anterior. O financiamento por parte da Xunta deste contrato-programa ascende a 1.343.198 € para ano 2022, e prevé a mesma cantidade para 2023.

A Xunta de Galicia vai investir preto de 3 millóns de euros para que a Fundación Pública Instituto Galego de Oftalmoloxía (INGO) desenvolva a súa actividade oftalmolóxica no ámbito do Servizo Galego de Saúde durante os anos 2022 e 2023. O Goberno galego vén de aprobar hoxe o contrato-programa coa Fundación Pública por un importe total de 1.343.198 euros para o ano 2022, e outros 1.343.198 euros para o ano 2023.

O acordo permitirá unha resposta áxil e eficiente de prestacións oftalmolóxicas especializadas de calidade incluídas na súa carteira de servizos de forma coordinada co Servizo Galego de Saúde e os servizos hospitalarios.

En virtude deste convenio, a Fundación Pública do Instituto Galego de Oftalmoloxía dará resposta a enfermidades oftalmolóxicas de crecente preocupación na poboación polo coidado da visión, dentro dun plan asistencial recollido na súa carteira de servizos. Así, poderán detectarse de forma temperá alteracións na visión, ofrecendo tecnoloxía dispoñible para unha atención de calidade e contribuíndo á formación e profesionalización dos traballadores da saúde neste campo. Tamén, con este acordo, a Fundación comprométese a pór os medios para concienciar a sociedade sobre algunhas enfermidades oftalmolóxicas, así como da importancia dun diagnóstico precoz.

Trátase de prestacións especializadas ofrecidas a todos os centros hospitalarios da rede do Servizo Galego de Saúde, en terapia fotodinámica, tratamento de láser terapéutico (PTK), electroretinografía e correccións e tratamentos de ectasias corneais (contactoloxía clínica).

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así mesmo, as accións que levará a cabo a Fundación Pública do INGO serán dun programa de apoio para favorecer a redución das listas de espera coordinada pola Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA INCREMENTA ATA OS 3M€ O ORZAMENTO DO BONO ENERXÍA PEME PARA BENEFICIAR A 750 PEMES E AUTÓNOMOS**

- O Consello da Xunta acorda ampliar nun millón máis este programa destinado á mellora das instalacións enerxéticas, aberto á presentación de solicitudes ata o próximo 31 de agosto
- A medida súmase á ampliación das axudas de autoconsumo eléctrico e renovables térmicas de uso residencial ata os 74 millóns de euros

O Consello da Xunta acordou hoxe ampliar nun millón de euros, ata alcanzar un total de tres, as axudas do Bono Enerxía Peme, unha iniciativa destinada á mellora enerxética das instalacións de pemes e autónomos que desenvolvan actividades no comercio, hostalería, artístico-recreativas ou outros servizos.

Co novo crédito, sumado a ampliación de prazo de solicitudes ata o 31 de agosto, a Xunta de Galicia pretende cubrir todas as solicitudes recibidas e chegar ao maior número de beneficiarios posible: prevese alcanzar os 750, cunha mobilización de 7,2 millóns de euros, propiciando un aumento da seguridade nas instalacións e acompañando a reactivación económica.

Nesta mesma liña de impulsar iniciativas que permitan afianzar os obxectivos deste Plan de medidas de aforro e eficiencia enerxética, a Xunta de Galicia vén de aprobar recentemente a duplicación do crédito previsto nas ordes de axudas dirixidas a fomentar o autoconsumo eléctrico en fogares, empresas e administracións, así como nos proxectos de renovables no sector residencial. Deste xeito, o orzamento para este eido en particular -que é xestionado pola Comunidade e que procede de fondos europeos- acadará os 74 millóns de euros.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA EXECUTARÁ A MELLORA DOS ACCESOS E PORÁ EN VALOR O CASTELO DE SANTA CRUZ, NA GUARDA

- O Consello da Xunta aprobou hoxe o informe sobre o acordo de cooperación entre a Axencia Turismo de Galicia e o Concello da Guarda, polo que o departamento autonómico destinará 200.000 euros a esta actuación
- O financiamento levarase a cabo cos orzamentos da Comunidade galega dentro do Plan Xacobeo Next Generation (Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea, NextGenerationEU.)

O Consello da Xunta aprobou hoxe o informe sobre o acordo de cooperación entre a Axencia Turismo de Galicia e o Concello da Guarda, polo que o departamento autonómico destinará 200.000 euros á execución da mellora dos accesos e porá en valor o Castelo de Santa Cruz, situado neste municipio.

A través deste acordo, estableceranse as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre Turismo de Galicia e o Concello da Guarda para que este poña a disposición do departamento do Goberno autonómico os terreos precisos para acometer as obras de dotación de alumeadado ecoeficiente da infraestrutura da muralla do castelo, a creación de controis de acceso para a xestión dos fluxos turísticos, a mellora dos accesos e a posta en valor do edificio, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

O Concello da Guarda, pola súa parte comprométese á posta a disposición, libres de cargas e gravames, de todos os terreos precisos, cos usos urbanísticos, para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións necesarias para levalas a cabo.

O financiamento das obras levarase a cabo en dúas anualidades, cos orzamentos da Comunidade galega dentro do Plan Xacobeo Next Generation, Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea, NextGenerationEU, de xeito que en 2022, investiranse 30.000 euros, e no ano 2023, a cantidade de 170.000 euros.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **PRETO DE 1.600 PERSOAS SEN EMPREGO PARTICIPARÁN NOS 80 OBRADOIROS DUAIS QUE NA EDICIÓN 2022-2023 AMPLÍAN A SÚA DURACIÓN ATA OS 12 MESES**

- O Consello da Xunta informou hoxe sobre a resolución da convocatoria destas axudas, un programa no que a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade inviste máis de 40,8 millóns de euros, un 20% máis que na edición anterior
- A ampliación no crédito permitirá que os alumnos poidan mellorar a súa cualificación e acceder a un traballo durante tres meses máis, ao incrementar de 9 meses a un ano a duración dos obradoiros
- A Xunta, ademais, está a tramitar na actualidade unha partida adicional de 10M€ para poder chegar a máis beneficiarios, o que permitirá, cun orzamento global de 50,8 millóns, que unhas 2.000 persoas sen emprego poidan formarse e acceder a un contrato laboral a través de máis dun cento de talleres
- Na selección dos participantes, priorizaranse ás persoas que teñan especiais dificultades de inserción no mercado laboral como son, entre outros, os emigrantes retornados, mulleres vítimas de violencia de xénero, parados de longa duración ou persoas con discapacidade
- Na adxudicación das axudas valorouse a relación do proxecto coas principais actividades económicas da zona e as súas posibilidades de inserción laboral

O Consello da Xunta vén de informar hoxe da resolución das axudas da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade destinadas ao desenvolvemento dos obradoiros duais de emprego na súa edición 2022-2023. O Goberno galego investirá máis de 40,8 millóns de euros, un 20% máis que na convocatoria anterior, o que permitirá que preto de 1.600 persoas sen emprego poidan mellorar a súa cualificación, ao tempo que acceden a un contrato de traballo. En total, levaranse a cabo 80 obradoiros (25 na provincia da Coruña, 23 na de Pontevedra, 16 en Lugo e outros 16 na de Ourense). Do total, 79 serán promovidos polos concellos e un por unha entidade sen ánimo de lucro do sector forestal (Mancomún de Montes de Vigo) na provincia de Pontevedra.

A ampliación do crédito posibilitará que os obradoiros alonguen a súa duración e, deste xeito, desenvolvanse durante un ano, tres meses máis que ata o de agora, o que conlevará que os participantes poidan contar cun contrato laboral e ampliar a súa cualificación durante tres meses máis. É a principal novidade da convocatoria 2022-2023, xunto coa ampliación do orzamento. Este incremento no orzamento será aínda maior, xa que a Xunta está a tramitar na actualidade unha partida adicional de 10 millóns de euros coa previsión de que se poidan levar a cabo máis obradoiros de emprego en Galicia. Polo

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

tanto, o investimento total para a próxima edición desta iniciativa será de 50,8 millóns de euros. Esta actuación conlevará que, en global, unhas 2.000 persoas sen emprego poidan formarse e acceder a un contrato laboral a través dun cento de obradoiros.

Os alumnos e alumnas, ademais de formarse e realizar un traballo, poden obter un certificado de profesionalidade ao rematar a experiencia. Ademais, unha vez acabe o obradoiro, terán a opción de traballar nunha empresa da contorna por un mínimo de tres meses cun contrato a xornada completa. Para este fin, a Xunta concede incentivos á contratación. É preciso destacar a tripla dimensión que teñen os obradoiros duais: ademais de mellorar a empregabilidade dos participantes, ofrecéndolles unha formación para o emprego teórico práctica de calidade da man dos expertos que a imparten; permiten desenvolver actuacións de mellora en espazos públicos, así como a prestación de servizos de interese xeral e social; e favorecen a colaboración coas entidades locais galegas para incrementar o emprego nos concellos.

A formación que se imparte mellora as competencias profesionais dos alumnos, ao tempo que con esta cualificación aténdense os requirimentos do mercado de traballo e as necesidades das empresas, proporcionando aos traballadores as competencias, os coñecementos e as prácticas adecuados.

Na selección das persoas participantes, que se levará a cabo a partir de agora, priorizaranse ás persoas que teñan especiais dificultades de inserción no mercado laboral como son, entre outros, as persoas emigrantes retornadas; as mulleres; as vítimas de violencia de xénero; as persoas que esgotaron as prestacións e subsidios por desemprego; parados de longa duración; maiores de 45 anos; as persoas que carecen de títulos universitarios e de FP de grao superior, excepto para os certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 3 nos que se require unha maior formación; e persoas con discapacidade, así como os beneficiarios dun tramo de inserción da Renda de Inclusión Social de Galicia (Risga).

### **Vinculación co territorio**

Nesta edición, ao igual que nas últimas, primáronse os programas que incluíron formación forestal; cualificación en conservación, reforma e posta en valor das rutas de peregrinación delimitadas do Camiño de Santiago; os vinculados coa restauración, recuperación e posta en valor dos soutos de castiñeiros; e os programas promovidos por concellos que teñen todo ou parte do seu termo municipal incluído en áreas declaradas Reservas da Biosfera. Así mesmo, déronse prioridade aos proxectos relacionados coas TIC e coa economía dixital, así como os que presentaron unha relación coas principais actividades económicas da zona e as súas posibilidades de inserción laboral, en

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

consonancia coas conclusións das mesas de traballo da Axenda Galega de Capacidades para o Emprego e do estudo de tecnoloxías emerxentes en sectores estratéxicos que levou a cabo a Xunta.

Dende o ano 2009 e ata 2021, a Xunta leva investidos 360 millóns de euros na organización de case 800 obradoiros nos que resultaron beneficiados 17.000 galegas e galegos.

A actuación enmárcase na aposta da Xunta por incrementar as oportunidades laborais dos galegos e galegas e por colaborar cos concellos na contratación de persoas desempregadas. A iniciativa forma parte do Plan de Formación para o Emprego da Xunta para persoas ocupadas e desempregadas ao que a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade está a destinar este ano preto de 120 millóns de euros.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA SALIENTA O INCREMENTO DAS RETRIBUCIÓNS NA ATENCIÓN PRIMARIA PARA RECOÑECER O ESFORZO ADICIONAL DOS PROFESIONAIS E INCENTIVAR OS POSTOS DE DIFÍCIL COBERTURA**

- Recalca que as medidas enmárcanse nos estímulos pactados pola Xunta coa unanimidade dos sindicatos con representación na Mesa Sectorial de Sanidade
- Afirmar que a Comunidade está a actuar dentro das súas competencias ante a falta de persoal pero asegura que solución definitiva pasa por medidas que trasladará ao presidente do Goberno na súa reunión de mañá, como a convocatoria extraordinaria de 1.000 prazas MIR
- Incrementábase nun 10% o prezo da prolongación de xornada para os médicos/os de familia, pediatras de atención primaria e enfermeiras/os e se inclúe como novidade a posibilidade de acumulación da cota de praza vacante de médico/a de familia nun máximo de 300 tarxetas, cunha prestación adicional de xornada de 4 horas e media a semana e unha retribución anual de 12.000 euros ano ou parte proporcional.

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, salientou hoxe a aprobación no Consello dun paquete de medidas retributivas e de mellora na atención primaria que se integran no Plan de Ordenación de Recursos Humanos de Atención Primaria, logo de ser acordadas previamente e avaladas pola unanimidade das organizacións sindicais –CIG, CCOO, CSIF, SATSE e UGT–, que integran a Mesa Sectorial de Sanidade.

Ante a situación de déficit de médicos que afecta a toda España, Rueda indicou que medidas aprobadas –con carácter retroactivo desde o pasado 1 de xullo– enmárcanse nos estímulos comprometidos pola Xunta ante o esforzo adicional que están a realizar os profesionais da atención primaria e para incentivar a incorporación de profesionais a postos de difícil cobertura.

As medidas aprobadas hoxe melloran as contías vixentes, así como tamén se toman novas medidas de organización e xestión no ámbito de atención primaria, no que na actualidade prestan servizos en Galicia unha media diaria de 9.500 profesionais. En concreto, poderán beneficiarse delas o 80% dos profesionais –en torno a 7.600 empregados– que traballan na atención primaria.

Así mesmo, Rueda indicou que as medidas van na liña da vontade do Goberno galego por responder á falta de persoal dentro das súas competencias. “Todo aquilo que se poida

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

facer desde aquí, a Comunidade Autónoma está a facelo pero hai outras acordos que non dependen de nós”, explicou.

Nesa senso, asegurou que toda solución definitiva á falta de persoal debe pasar pola iniciativa do Executivo central coa posta en marcha doutras medidas que trasladará durante a súa reunión de mañá co presidente do Goberno, como a convocatoria extraordinaria de 1.000 prazas MIR para todo o Estado. “Galicia precisaas e Galicia podería telas”, asegurou.

Ante a imposibilidade de contratar máis profesionais, a Xunta de Galicia, ademais de prepararse para o futuro aumentando ao máximo a súa capacidade formativa de novos especialistas en medicina de familia, para o que vén de aprobar unha oferta co maior número histórico de prazas formativas para esta especialidade chegando ata as 207, decidiu poñer en marcha recoñecementos retributivos para aqueles profesionais que teñan que facer xornadas complementarias, atender aos pacientes dun compañeiro ausente ou dar servizo a centros sanitarios no rural que necesitan atención de proximidade.

### **Melloras retributivas**

Como novidade, cabe destacar a nova posibilidade que se habilita de acumulación de cartillas dunha praza vacante de médico/a, permitindo unha maior continuidade na atención aos pacientes. Así, en caso de vacante do seu médico/a habitual poderá ser atendido/a de forma estable por outro/a médico/a de referencia ata que se produza a cobertura definitiva da praza. Se permitirá a acumulación dun máximo de 300 cartillas, cunha prestación adicional de xornada de 4 horas e media á semana e unha retribución anual de 12.000 euros ano ou parte proporcional.

No que atinxe aos incrementos, cabe destacar o incremento nun 10% do prezo da prolongación de xornada ordinaria que realizan médicos/as de familia, pediatras de atención primaria e enfermeiros/as.

Respecto ao incremento do prezo da intersubstitución, nas categorías de médico de familia, pediatra de atención primaria, odontólogo, fisioterapeuta e persoal de enfermería, modificarase a fórmula de cálculo existente, de xeito que se incremente nun 25% máis as contías do complemento. Ademais, engádese a intersubstitución na categoría de matró/a, que ata agora non tenía recoñecido dito concepto.

Sobre o incremento de retribucións nos postos de difícil cobertura establecerase un incremento dun 50% nas contías vixentes. Ademais, incrementaranse os centros actuais

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

declarados como de illamento ata acadar 80. Nestes novos centros se percibirá a modalidade F do complemento de produtividade que pasará a retribuír o illamento e tamén as dificultades de cobertura. Ademais, todo o persoal destes centros terá unha valoración adicional nos baremos dos procesos selectivos e carreira profesional, e nas categorías de licenciados/as sanitarios/as tamén en concurso de traslados, nos mesmos términos que se aplican actualmente aos servizos prestados en centros illados.

Entre as medidas acordadas esta mañá será de aplicación ao persoal médicos e de enfermería dos PACs un incremento do valor hora de xornada complementaria en PAC a partir da prestación de 160 horas/mes, recoñecendo con maiores contías a implicación e dedicación de este persoal.

Nesta mesma liña, e polos mesmos motivos, incrementarase o valor hora do persoal médico de familia de atención ordinaria que realice gardas en PAC a partir de 550 horas anuais con un 20% adicional do valor actual, como un incentivo á esta prestación

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA